



## **NORMAS DE CONVIVENCIA CURSO 2017-2018**

### Entradas, recreos e cambios de clase

- A hora de entrada pola mañá é as 8.25, a primeira clase empeza ás 8.30. Pola tarde a porta ábrese ás 16.25 e as clases empezan ás 16.30, calquera alumno que chegue máis tarde terá una falta de puntualidade.
- A primeira hora da mañá ou da tarde, os alumnos deberán ter preparado o material para as horas seguintes, excepto se algunha delas é Educación física. Non poderán ir á clase ou usar as taquillas nos cambios de clase.
- Ningún alumno pode quedar durante o recreo, sen autorización escrita, en ningún lugar que non sexa o patio.
- Nos cambios de clases os alumnos deberán permanecer dentro da súa aula, salvo autorización dun profesor. O incumprimento desta norma será anotado nas follas de incidencias.
- Calquera alumno que permaneza ou se desprace polo centro en horario de clase, ten que ter unha nota firmada por un profesor
- O regulamento do centro, de acordo coa normativa legal, non considera a posibilidade da expulsión do alumno ao longo dunha clase, se ben é posible darlle ao alumno tempos de reflexión fóra da aula sobre a súa actitude. Será anotado nas follas de incidencias.
- Calquera traslado dentro do centro debe facerse con orde, sen precipitación e respectando sempre aos máis pequenos.

### Material prohibido

- Non está permitido o uso de teléfonos móbiles e doutros aparellos electrónicos. O uso do teléfono móbil no colexio está considerado como unha falta grave e suporá a expulsión durante un día.
- O feito de estar en posesión do teléfono sen ter avisado ao titor levará consigo a permanencia no colexio un día pola tarde.
- En caso de ser imprescindible traer o teléfono ao colexio deberá ser posto en coñecemento do titor mediante unha nota.
- Está prohibida a tenencia e uso de calquera obxecto (punteiros láser, navallas...) que poida causar calquera tipo de lesión.
- Non está permitido a tenencia e consumo de substancias nocivas no recinto escolar.

### Exames

- As datas dos exames só serán variadas en caso de estar suficientemente xustificadas (segundo a valoración do profesorado ou con xustificación oficial ou médica).
- O alumno ten que estar disposto a facer o exame dende o primeiro día que se reincorpora ás clases.
- Se un alumno chega tarde sen xustificación, poderá facer o exame pero no tempo que quede de clase.

### Asistencia

- A asistencia, de acordo co marco legal, é obrigatoria.
- Toda falta de asistencia deberá ser xustificada (con anterioridade se é posible) mediante unha nota escrita dos pais ou titores que será entregada ao titor.
- Nestes xustificantes figurará o nome e apelidos do alumno, a data ou datas de non asistencia (día e mes), a hora (se fose o caso), firma dos pais ou titores e unha explicación dos motivos polos que non se pode asistir ás clases.
- As faltas sen xustificar comunicaranse por parte do titor aos pais ou titores a través do boletín informativo trimestral.
- A non asistencia sen xustificación a máis de 8 sesións deberá ser comunicada ao claustro do ciclo, o cal deberá decidir as medidas que se tomarán e, se o considerara pertinente, a comunicación a outras instancias sociais ou educativas.
- Para ausentarse do colexio entregarase unha nota escrita dos pais ou titores ao profesor co que se estea no momento da saída do colexio. Os pais ou titores recollerán ao alumno na portería do centro. No caso de que ninguén o poida recoller, deberase especificar por escrito que o alumno ten autorización para saír só.
- Esta nota terá o mesmo formato ca un xustificante de ausencia, pero especificando o período de tempo polo que se considera que o alumno estará ausente. No caso de que este período fose ampliado por algún motivo, o alumno entregará unha nova nota aclaratoria de cal foi realmente a duración da ausencia.
- Os pais ou titores asumirán un especial compromiso coa asistencia dos seus fillos a aquelas actividades que teñan lugar fóra do recinto escolar (saídas, excursións...).

### Puntualidade

- Os retrasos deberán ser xustificados, dependendo do caso, a través dunha nota escrita dos pais ou profesor aclarando o motivo do retraso.
- En caso de acumular máis de tres retrasos non xustificados no mesmo trimestre, o alumno recuperará ese tempo perdido un martes en horario de 18:10 a 18:30h. A cuarta falta de puntualidade suporá vir outro martes no mesmo horario. A quinta falta e sucesivas suporá vir un xoves pola tarde, de 16:00 a 17:40 horas. Levarán unha circular informativa que deberá ser firmada polos pais ou titores e será entregada ao responsable dos castigos.
- A entrada no centro pola mañá e pola tarde, e tamén despois do tempo de recreo deberá realizarse cinco minutos antes do inicio das clases. De non ser así será apuntada na folla de asistencia como falta de puntualidade entre horas e contará como as anteriores.

### Excursións e celebracións

- Poderanse levar móbiles a excursións e nos días de celebracións no colexio, sempre que se faga un uso responsable, a criterio do profesorado.
- Está prohibido facer gravacións nas excursións ou celebracións. O uso indebido das imaxes obtidas é sempre responsabilidade do alumno.

### Follas de incidencias

- Na parte de diante da folla de incidencias indícarase a información académica e na parte de atrás as faltas contra as normas de convivencia. Deberá asinarse polas dúas caras.
- As follas de incidencias serán levadas á casa os venres e recollidas asinadas os luns a primeira hora. Nesa folla irán reflectidos os feitos salientables acontecidos nesa semana, así como as notas dos exames. Calquera incidencia irá sempre asinada polo profesor correspondente.
- Se o alumno non entrega ou non trae asinada a folla de incidencias en tres ocasións nun mesmo trimestre, esta será retida polo titor durante ese trimestre e non a poderá levar a casa. En caso de extraviar a folla, na nova folla de incidencias

constará, como unha incidencia, este feito. As familias terán, se están interesadas en coñecer a información, que poñerse en contacto co titor nas citas establecidas.

#### Conservación do material, da aula e outras instalacións

- O material, tanto propio coma do centro, é imprescindible para o normal desenvolvemento das actividades escolares.
- Os alumnos aboarán o importe do material que, por negligencia, se deteriore ou extravíe.
- Todos os alumnos deberán ser vixiantes do bo uso do material propio ou alleo, polo que os danos que "non teñan autor" deberán ser asumidos polo grupo de traballo no que se produzan.
- Toda a comunidade educativa velará pola limpeza, conservación e orden de calquera instalación do centro.
- Ao rematar as clases deberán quedar as luces apagadas, as fiestras e portas pechadas e o material, mesas e cadeiras ordenados. Para que isto poida ser así, o profesorado será o último en abandonar a aula.
- A biblioteca é un lugar de estudo e consulta, polo que se debe gardar silencio e especial respecto polas normas de funcionamento da mesma.
- Os obxectos atopados no recinto escolar deberán ser entregados en secretaría.
- O colexio declina calquera responsabilidade da desaparición de material, aconsellando que non se traian obxectos de valor que poidan ser subtraídos.

#### Vestuario, hixiene e aseo

- Os alumnos deberán coidar o seu aspecto persoal e presentarse debidamente aseados.
- Os alumnos de secundaria deberán utilizar a roupa deportiva indicada polo colexio nas clases de Educación física e, a requirimento do profesorado, para a realización de certas actividades. O non cumprimento desta norma implicará unha falta leve.
- Durante a xornada escolar o alumnado terá que vestir con corrección e de xeito adecuado para as actividades que van desenvolver. Se o vestuario non fose axeitado, poñerase en coñecemento dos pais para solucionar a situación.

É de obrigado cumprimento a comunicación ao titor ou outro profesor do coñecemento dunha actitude ou comportamento que vaia en contra da convivencia no centro, partindo da base de que todos, alumnos, profesorado, pais, dirección, administración e servizos, formamos parte da comunidade educativa.

Os casos de indisciplina dun gran número de alumnos pertencentes a un mesmo grupo serán tratados directamente polo claustro de profesores da etapa, quen poderá delegar na comisión de convivencia as decisións a tomar.

## **ANEXOS**

### **I.- ANEXO DAS NORMAS DE CONVIVENCIA CON RESPECTO AO DEREITO A NON ASISTENCIA ÁS CLASES**

A normativa de referencia é Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE 106, do 4-5-2006), disposición derradeira primeira, punto 5 que modifica o Artigo 8 da Lei 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do dereito á educación que indica expresamente:

*"Co fin de estimular o exercicio efectivo da participación dos alumnos nos centros educativos e facilitar o seu dereito de reunión, os centros educativos establecerán, ao elaborar as súas normas de organización e funcionamento, as condicións en que os seus alumnos poden exercer este dereito. Nos termos que establezan as administracións educativas, as decisións colectivas que adopten os alumnos, a partir do terceiro curso da educación secundaria obrigatoria, con respecto á asistencia á clase non terán a consideración de **faltas de conduta nin serán obxecto de sanción**, cando estas fosen resultado do exercicio do dereito de reunión e sexan comunicadas previamente á dirección do centro"*

1. Enténdese que este feito pode ser promovido mediante dúas canles diferentes:

a.- Externamente ao Centro por un Sindicato de Estudantes ou outro organismo de características semellantes que solicite expresamente que os estudantes deste centro secunden o que eles chaman "folga".

b.- De forma interna. Neste caso se **achegará a firma, polo menos, do 20% dos estudantes** do ciclo ou nivel educativo que promove a queixa.

En ambos casos o representante dos delegados entregará na dirección do centro un documento no que se exporán as razóns que motivan a protesta

Farase a reunión informativa para que todo o alumnado afectado pola protesta estea debidamente informado dos motivos da mesma, sexa consciente da decisión que pode adoptar respecto á "non asistencia á clase", e sexa libre para tomala e obrar en consecuencia.

2. Os delegados de cada curso serán os encargados, de garantir que esa información chegue a todo o alumnado e de recoller o apoio dos estudantes do grupo mediante votación co obxecto de coñecer a intención de seguimento da presunta "non asistencia á clase" polos compañeiros e compañeiras. **Entenderase que o alumnado dun grupo apoia a "folga" mediante a "non asistencia ás clases" se é secundada pola maioría do alumnado por grupo** (a metade máis un), respectando en todo momento as posicións individuais discordantes coa posición maioritaria do alumnado.

3. Reuniranse os delegados para recadar información sobre os apoios dos distintos grupos á proposta de "non asistencia á clase". **Entenderase que o alumnado secunda a folga e esta será efectiva se é secundada pola maioría dos grupos** (a metade máis un).

4. O representante dos delegados trasladará á Xefatura de Estudos a intención dos estudantes de secundar a proposta de "non asistencia a clase" cun prazo mínimo de 3 días antes do día previsto.

5. A Dirección procederá a poñer en comunicación dos pais/nais/titores legais do alumnado a situación e a decisión de "non asistencia a clase" por parte dos estudantes mediante o modelo de comunicado que se expón a continuación. Como coñecedores e informados da situación, faráselles notar que ese día o centro non se fai responsable do coidado e atención do alumnado que non se incorpore ás aulas con normalidade.

6. Enténdese que aquel alumno/a que entra no centro ese día será porque se dispón a asistir ás clases con total normalidade. Polo tanto, o alumnado que se atope no interior do edificio será para incorporarse ás aulas. Pola mesma razón, o alumno que secunda a folga non poderá acceder ao recinto escolar en ningún momento da xornada escolar.

7. Se ese día estivesen previstas probas escritas nalgún ou varios cursos, non poderán ser valoradas negativamente ou como "non realizadas" para o alumnado en situación de "non asistencia", pero será decisión do profesorado en cuestión, se é necesario ou non, que a proba sexa realizada noutro día polo alumnado nesta situación, e de ser o caso, quen fixará a data para a realización da mesma.

8. Os titores custodiarán o "recibín" asinado polos pais e o utilizarano para xustificar as faltas de asistencia dos estudantes deste/s día/s.

## MODELO DE COMUNICACIÓN AOS PAIS DO DEREITO DE "NON ASISTENCIA A CLASE" DOS SEUS FILLOS

Estimados pais e nais, pola presente comunicolles que o alumnado deste centro foi convocado para secundar unha folga o/s día/s ..... de ..... Reunida a Xunta de delegados do colexio, esta tomou a decisión de que dita folga fose apoiada polo alumnado de ..... **de ESO**

Co obxecto de regular esta situación e preservar o dereito dos pais e nais a coñecer as actividades dos seu fillos e fillas, e do alumnado tanto de recibir docencia con normalidade como de non asistir ao centro nos términos regulados no Artigo 8 da Lei orgánica do dereito á educación, a dirección do centro procederá da seguinte maneira:

1. Informará ás familias da situación mediante esta circular que, no caso de que o/a alumno/a decida secundar a folga, deberán cumprimentar e o seu fillo/a entregar ao seu titor ou titora **antes** dos días sinalados.
2. Informará aos estudantes do procedemento a seguir no colexio estes días e que, esencialmente, será o seguinte:
  - Entenderase que aquel alumno/a que entra no centro ese día será porque está en situación de asistir ás clases con total normalidade. Polo tanto, os estudantes que se encontren no interior do edificio será para incorporarse ás aulas.
  - Se eses días estivesen previstas probas, non poderán ser valoradas negativamente ou como "non realizadas" para o alumnado que non acuda ao centro, pero será decisión do profesorado valorar se, para poder cualificar aos estudantes, é necesario ou non que a proba sexa realizada noutro día e, de ser o caso, quen fixará a data para a realización da mesma.
  - Na relación de faltas de asistencia do alumnado, ese día figurará como "falta xustificada" e así será comunicada ás familias.

Estes días **o centro non se fará responsable do coidado e atención do alumnado que non se incorpore ás aulas con normalidade.**

Ferrol, ..... de ..... de 20.....  
O/A director/a:

Asdo.: .....



.....  
D/Dª.: .....  
pai/nai/titor/a legal de .....

**SOLICITO** a xustificación das faltas de asistencia do/a meu/miña fillo/a  
días:

os

.....  .....  .....

Por exercer o seu dereito de "non asistencia ás clases" contemplado no Artigo 8 da LODE.

Ferrol, a ..... de ..... de 201....

Asdo.: .....